



COLECCIÓN
KALAFATE



Clásicos de Lectura fácil

¡KALAFATE **non** é unha colección máis,
a diferenza de tantas outras!


Se es profesor ou profesora e queres recibir máis información
sobre esta colección ou un exemplar gratuito,
chama ao teléfono 902 10 68 19
ou ponte en contacto con nosoutros
en www.almadrabaeditorial.com



Quitapesares, 31, local 16 Polígono Villapark - 28670 Villaviciosa de Odón (Madrid)

calafate. Persoa que ten por oficio calafatear.
calafatear 1. Tapar con estopa e brea as xuntas das madeiras dos barcos para que non entre auga. **2.** p. ext. Cerrar ou tupir outras xuntas con calquera substancia.

Así son as páxinas dos libros KALAFATE



Estes son os primeiros títulos en galego da colección

- 16 A volta ao mundo en 80 días. *Xulio Verne*. V. de *Á. Burgas*. T. de *V. Arias*. ISBN 978-84-8308-615-5
- 17 Robinson Crusoe. *Daniel Defoe*. V. de *R. García Toga*. T. de *V. Arias*. ISBN 978-84-8308-613-1
- 18 A pantasma de Canterville. *Oscar Wilde*. V. de *A. G. Llorca*. T. de *V. Arias*. ISBN 978-84-8308-616-2

Mais, ¿que é a Colección KALAFATE?

- Unha colección literaria dirixida a todas aquelas persoas que presentan dificultades na lectura.
- Unha proposta de obras clásicas universais en versións reducidas e adaptadas por profesores e escritores de prestixio.
- Uns textos elaborados seguindo as directrices internacionais de Lectura Fácil da IFLA (International Federation of Libraries Associations and Institutions).
- Un proxecto tutelado pola Asociación Lectura Fácil, integrante do grupo de traballo da rede internacional Easy-to-Read Network. liderada pola Fundación sueca Easy-to-Read.

¡KALAFATE non é unha colección máis, a diferenza de tantas outras!

A Colección Kalafate é un instrumento pensado para espertar a afección á lectura daqueles alumnos de Primaria e Secundaria que presentan déficits importantes na súa capacidade lectora. Ler ben, saber ler, é indispensable para progresar no sistema educativo e poder integrarse satisfactoriamente, despois, na sociedade.

Unha porcentaxe cada vez máis alta dos nosos alumnos ten dificultades para seguir os seus estudos de modo satisfactorio. A eles vai dirixida maiormente esta colección. Pero, outras moitas persoas, con dificultades lectoras transitorias ou permanentes, tamén poden gozar dela.

Todos os libros incorporan ao final unha proposta de actividades que estimulan a empatía, que espertan no lector o espírito crítico ante a realidade circundante. ¡Non piden unha solución, senón unha reflexión! Non se trata, pois, de exercicios escolares estereotipados.

O nome Kalafate, que contén as siglas de Lectura Fácil, ten, ademais, un sentido metafórico: trátase de reparar o barco da lectura, para poder navegar polo océano das letras sen facer auga e chegar a bo porto.

¿E que é a Lectura Fácil?

Lectura Fácil é todo material de lectura concibido e realizado con especial esmero para que poida ser lido e entendido por persoas con dificultades lectoras e/ou de comprensión, de carácter transitorio ou permanente.

O tratamento dos textos de Lectura Fácil realízase no aspecto lingüístico e no tipográfico, mais tamén afecta aos contidos.

Os libros da Colección Kalafate foron revisados e homologados pola Asociación Lectura Fácil, a cal outorga o logotipo LF.